

## Acta da Comisión Permanente do día 15 de novembro de 2018

### Anexos:

- I. Convocatoria da Comisión Permanente do 15/11/2018.
- II. Asistentes á Comisión Permanente do 15/11/2018.
- III. Recoñecementos/validación/adaptación de materias/créditos.
- IV. Acordo sobre solicitude de matrícula a tempo parcial.

Ábrese a sesión ás 12 horas e 34 minutos, na Sala de Xuntas situada no módulo de Dirección da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, Dona Elena Alonso Prieto, e se tratan os seguintes puntos na orde do día:

### **1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 2 de outubro de 2018.**

A Comisión Permanente aproba, por asentimento, a acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 24 de outubro de 2018.

### **2. Aprobación, se procede, de recoñecementos/validación/adaptación de materias.**

Presentouse unha solicitude por parte dun alumno procedente do Grao en Enxeñaría Aeroespacial, e de acordo cos informes emitidos polos coordinadores das materias correspondentes, esta comisión acorda os recoñecementos que veñen detallados no anexo III desta acta.

### **3. Aprobación, se procede, doutras solicitudes relacionadas coa xestión académica: solicitudes de ampliación de matrícula, solicitudes de matrícula a tempo parcial, etc...**

A Comisión Permanente acorda non autorizar a matrícula a tempo parcial a unha alumna do Grao de Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos, que se recolle no anexo IV.

### **4. Aprobación, se procede, de informe favorable á proposta de Don Fernando Herranz Villafruela para o premio anual Santa Bárbara que convoca a Cámara Mineira de Galicia /2019.**

Preséntase a proposta da candidatura do Doutor Enxeñeiro Fernando Herranz Villafruela para os premios Santa Bárbara da Cámara Oficial Mineira de Galicia na súa XII Edición deste ano 2018.

Dita proposta basease en que o Doutor Enxeñeiro Fernando Herranz Villafruela desenvolveu toda a súa vida profesional no proxecto da mina de lignito de Meirama, participando como enxeñeiro

nas labores de investigación e posta en marcha do proxecto nos primeiros anos 70, e logo, a partires de 1978, nas operacións de produción, pasando a ser director de LIMEISA durante a fase de explotación, ata elaborar o proxecto de peche da mina en 2007.

A explotación de Lignitos de Meirama foi, desde o seu comezo ata o cese de actividade, un exemplo de proxecto mineiro exemplar, tanto no campo técnico da minería continua de alto rendemento, como no económico de alta rendibilidade.

O mesmo tempo, tamén foi exemplar na labor social realizada pola empresa e o cese de actividade ordenada, sostible medioambientalmente, aportando valor engadido á sociedade, como no caso do reservorio de auga de calidade para posible abastecemento de grandes núcleos urbanos.

Por todo isto, esta Comisión Permanente acorda ratificar dita proposta.

## 5. Rogos e preguntas.

Non se producen intervencións.

Sen mais asuntos que tratar, levántase a sesión ás 12 horas e 40 minutos do día de hoxe, do que como secretaria dou fe en Vigo, quince de novembro de dous mil dezaoto.

Vº e praxe  
A Presidenta

A Secretaria

Elena Alonso Prieto

Ángeles Saavedra González



## ANEXO I

### Convocatoria da Comisión Permanente do 15/11/2018



## ANEXO II

**Asistentes á Comisión Permanente do 15/11/2018**

<b>Asistentes á Comisión Permanente do 15 de novembro de 2018</b>
<b>Presidenta da Comisión</b>
Elena Alonso Prieto
<b>Secretaria da Comisión</b>
Ángeles Saavedra González
<b>Subdirector/a</b>
María Araújo Fernández
<b>Profesorado</b>
Fernando García Bastante
Pablo Eguía Oller
Pedro Arias Sánchez
<b>PAS</b>
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez

Excusan a súa ausencia: Alfonso Mandado Vázquez, Elena González Rodríguez, Carmen Pérez Pérez E María mayte Marcote Pereira



## **ANEXO III**

### **Recoñecementos/validación/adaptación de materias/créditos**

A Comisión Permanente acorda ratificar os informes recibidos por parte dos coordinadores das materias, e polo tanto en relación a solicitude presentada por Don Alberto Méndez Souza (39467277J), procedente da Universidad Politécnica de Madrid (ETS de Ingeniería Aeronáutica y del Espacio), e da titulación: Grado en Ingeniería Aeroespacial, acorda:

1. Aprobar o recoñecemento da seguinte materia:

MATERIA DE PROCEDENCIA	Créd.	Curso	MATERIA DE DESTINO	Créd.	Curso	INFORME COORD.
Ingeniería eléctrica (OB)	6	17/18	G310301 Electrotecnia (OB)	6	18/19	Favorable

2. Desestimar o recoñecemento da seguinte materia:

MATERIA DE PROCEDENCIA	Créd.	Curso	MATERIA DE DESTINO	Créd.	Curso	INFORME COORD.
Informática: Informática (FB)	6	14/15	G310203 Informática: Estadística (FB)	6	18/19	Desfavorable



## **ANEXO IV**

### **Acordo sobre solicitude de matrícula a tempo parcial**





Autorizouse a seguinte solicitude:

- MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL:
  - o Dona Jara Rodríguez de Vico – DNI 36163303N – Grao ERME - Motivación: Laboral